

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 12/09/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 12/09/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05 de setembro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/2978

Dáse conta do escrito presentado por Dona Pilar González Peleteiro no que solicita que se rematen as obras que se están a realizar nas inmediacións da Rúa Otero Pedrayo nº 3.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a Rúa Otero Pedrayo no seu tramo entre o cruce coa Rúa Pascual Veiga e os número 4 polo lado dos pares e 5 polo lado dos impares foi pechada ao tráfico rodado e peonil polo Servizo Municipal de Emerxencias debido ao estado e caída de parte dun valo de bloque que pecha a propiedade nº 2 da citada Rúa Otero Pedrayo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a colocar sinalización cun sinal de entrada prohibida e panel con lenda "AGÁS INMOBLE 3" colocado no peche polo lado da Rúa Pascual Veiga, co fin de que poidan entrar e saír os vehículos e persoas da propiedade nº 3.

PRP2022/2987

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada unha inspección na Rúa Rodrigo de Mendoza nº 65, onde se atopa a entrada/saída da Comunidade de Garaxes dos números 61, 63 e 65, comprobouse que se realizaron modificacións no estacionamento en liña que hai por diante do garaxe, suprimíndose un oco no estacionamento de aproximadamente unha praza e media e colocándose uns fitos no pavimento, tal e como se indicara en Informe da Policía Local de data 17 de febreiro, a instancias de escrito da Comunidade de Propietarios.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/3061

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Cuadrado García solicitando autorización para instalación dunha mesa informativa e unha carpa do Grupo Político VOX na Praza da Liberdade en Carril, o día 10 de setembro de 2022, en horario de 11:30 a 14:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora

PRP2022/3091

A liña de actuación VGL_A04_MOVPECI da "Edusi Vilagarcía Avanza" inclúe entre as súas operacións a relativa ao desenvolvemento dos camiños escolares seguros. Ademais das obras na contorna, levadas a cabo con fondos propios e tamén europeos a través do IDAE, do labor de concienciación e formación por Stop Accidentes, e da sinalética de todos os roteiros a seguir para chegar de forma segura aos centros escolares, a operación precisa de determinadas accións de comunicación, como obriga a propia EDUSI. Deste xeito, propónse unir a difusión da participación dos Fondos FEDER na mellora dos camiños escolares coa propia seguridade dos seus protagonistas (nenos e nenas). De aí a iniciativa de realizar 500 brazaletes de seguridade (reflectoras) para entregar a todos os nenos e familiares que participen desa iniciativa.

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por VisualGraphics Imagen y Publicidad SL para o subministro de 500 unidades de brazaletes serigrafiados para os Camiños Escolares Seguros, por un importe de 775 € máis IVE, o que da un total de 937,75 € (IVE incluído), con cargo á liña de actuación e aplicación orzamentaria: EDUSI-AT-99994, 1a - 926.22699.17.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3092

A Edusi Vilagarcía Avanza inclúe dentro das súas distintas liñas de actuación unha denominada VGL_A04_MOVPECI, cuxo obxectivo é o progreso da mobilidade peonil e ciclista mediante a mellora da infraestrutura ciclista, acondicionamento de itinerarios peonís e recuperación do sistema de préstamo de bicicletas. Unha das operacións actualmente en desenvolvemento é a que se refire aos camiños escolares seguros. Con independencia do traballo que vén realizando nos últimos meses coa comunidade escolar e os distintos axentes implicados na mobilidade e accesibilidade ao redor dos recintos escolares (policía, comerciantes, hostaleiros, empresas de transporte...) e das obras de mellora na contorna da área da Lomba, que conta con catro centros e máis de 900 alumnos, para que eses camiños funcionen é necesario que contén coa súa propia sinalética. Esta será horizontal e vertical, utilizando para iso os postes dos sinais de tráfico xa existentes e as propias beirarrúas. Ademais, nos locais colaboradores (comercios e hostalería) instalaranse uns adhesivos que lembrarán aos nenos que non só están no camiño correcto senón que eses establecementos son "amigos" dos camiños escolares e, por tanto, a eles poden acudir ante calquera contratempo.

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por VisualGraphics Imagen y Publicidad SL para a realización da sinalética para os Camiños Escolares Seguros (indicadores para postes, plantillas para pintado de solo e pegatinas para os "negocios amigos", por un importe de 929,95 € máis IVE, o que da un importe

total de 1.125,24 € (IVE incluído), con cargo á liña de actuación VLG_LA10_MOVPECI e aplicación orzamentaria: 134.6290017.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3093

A Edusi Vilagarcía Avanza ten entre as súas liñas de actuación unha titulada VLG_A03_MOVSOS, para a potenciación e mellora da mobilidade urbana sostible de Vilagarcía. Como consecuencia, contratouse a unha empresa para o desenvolvemento do Plan de Movilidad Urbana e Sostible (PMUS). Dado que este é un plan que necesariamente debe contar con toda a sociedade para definir a Vilagarcía do futuro, a comunicación e a información son fundamentais.

Ademais das reunións con distintos sectores, os talleres, as notas de prensa, etcétera, considérase esencial ter un lugar común para compartir ideas e documentos: unha web específica do PMUS.

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Proimaxe, Marketing e Programación SL para a realización da programación web para o proxecto Velaivai*", por un importe de 1.050,00 € máis IVE, o que da un implorte total de 1.270,50 € (IVE incluído), con cargo á liña de actuación e aplicación orzamentaria: EDUSI-AT-99994.1a - 926.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3094

Vista a proposta da Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por TELESERVICIO INSTALACIONES DE OFICINA SL para o subministro dunha cadeira modelo TRIM TEX, para o Servizo de Urbanismo do Concello, por un implorte total de 429,55 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.63500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3096

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Deportiva Cultural Encestarias solicitando autorización para celebrar un concerto (PICK&ROCK) con Somoza Trio o día 11 de setembro (noite do 10 ao 11), en horario de 23:45 a 01:45 horas, na Rúa Mendez Núñez nº 12 así como a instalación dun escenario de 4x4 metros.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora

PRP2022/3097

Dáse conta de sentenza estimatoria nº 181/2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no expediente SCOVID/VILAGARCIA/0474 - Procedemento Abreviado 172/2022, que estima o recurso contencioso-administrativo interposto por Dona Belén Barral Pérez, fronte á resolución de data 7 de abril de 2022 ditada polo Concello de Vilagarcía de Arousa,

que declara disconforme a dereito, anula e revoca, con imposición de costas co límite de 50 €, máis impostos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obriga a favor de Dona Belén Barral Pérez, polos seguintes importes, con cargo á partida 929.22699:

- Sanción: 200 €

- Costas: 50 € + IVE = 60,50 €.

PRP2022/3099

O Concello de Vilagarcía de Arousa, continúa apostando por unha mobilidade sostible seguindo a campaña de sensibilización da Comisión Europea, a European Mobility Week. Por iso, celébrase un ano máis a Semana Europea da Mobilidade en Vilagarcía de Arousa.

A SEMANA EUROPEA DE MOBILIDADE, ten como obxectivo contribuir a unha mobilidade máis sostible para a cidadanía, apostando polo desprazamento a pé e en bicicleta como alternativa aos vehículos motorizados, reivindicando o uso do espazo público para os peóns e non só para os coches, contribuíndo así, a unha mellora da calidade do aire e, por ende, a calidade de vida das persoas.

Por iso, durante toda a semana desenvolveranse diversas actividades nas rúas, dende xogos populares ata obradoiros de bicicleta, co obxectivo de visibilizar e concienciar á cidadanía de que ten dereito a utilizar o espazo público e que outra forma de mobilidade urbana é posible, sen ter que depender dos vehículos motorizados para os desplazamentos.

Dentro do programa da Semana Europea da Mobilidade terá lugar o Congreso “Vaiderúas!” sobre a mobilidade do futuro, co fin de abordar a mobilidade dende un punto de vista sostible, reivindicando o transporte a pé e en bicicleta e o uso do espazo público para as persoas. O Congreso dividirase en tres días, nos que haberá unha serie de poencias e obradoiros teórico-prácticos e cada día enfocarse nun tena relacionado coa mobilidade: o espazo público, a infancia e a saúde.

O Congreso está aberto á toda a cidadanía, que para poder participar soamente teñen que rechea un formulario de inscrición.

O desenvolvemento do evento se distribuirá nos seguintes espazos:

Auditorio Municipal: Reservado para as poencias do Congreso e a parte da sala de Conferencias reservada para a mesa da mobilidade do día 23.

Parque Miguel Hernández: Xogos tradicionais nos xardíns e espazo da bicicleta, na que se van poñer tendas de bicicletas.

Paseo García Caamaño: A Asociación Mobi-liza, levará a cabo un taller de bicicleta orientado a persoas maiores para aprender a andar en bicicleta.

Parque de A Xunqueira: terá lugar un taller de bicicleta organizado pola Asociación Mobi-liza, que ten por obxectivo coller soltura para andar en bicicleta.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización do evento, que ascende a 59.964,39€ (estimado), con cargo á partida orzamentaria 134.22799.

1 – CONGRESO: Os días 20, 21 e 22 de setembro celebrarase o Congreso Vaiderúas! Sobre a mobilidade do futuro, no que polas mañás haberá unha serie de poencias de especialistas na materia e se exporá o traballo realizado polo Concello de Vilagarcía de Arousa en cuanto a mobilidade sostible e os proxectos de futuro. O obxectivo de estas poencias é unha maior concienciación no tema da mobilidade e xerar un debate entre a cidadanía sobre cal é a mobilidade do futuro, coa seguinte desagregación:

CONCEPTO	EMPRESA	COSTE	IVE
Presentación dos poñentes e das charlas que terán lugar no marco do Congreso sobre	Carlos Crespo Gómez	726€	IVE

a Mobilidade que terán lugar en Vilagarcía os días 20, 21 e 22 de setembro de 2022. (Contrato de servizos)	(NIF: 15373039T)	INCLUIDO
Poencias / Moderadores (Contrato servizos)		6.000€ (estimado)
Servizos de Cáterin para ponentes (25 persoas)		7.000€ (estimado)
Servicio Cáterin para asistentes Congreso (Café)		2.635,38 € (estimado)
Conclusións a cargo de Fran Rei e Feliz Rodríguez do Congreso de Mobilidade (Contrato servizos)	Culturactiva S. Coop. Galega (CIF: F15983067)	726€ IVE INCLUIDO
Merchandising	Débora Fontenla Oliveira (Lamarka) (NIF: 35482169T)	1.531,86€ IVE INCLUIDO
Taller para andar en bicicleta (Contrato servizos)	Asociación Mobi-liza	952,50€ IVE INCLUIDO
PRODUCCIÓN TÉCNICA (Contrato servizos)	GLOBAL SETUP S.L. (CIF: B94119104)	8.907,42€ IVE INC.
Contratación do aloxamento e desprazamento das persoas participantes no Congreso Vaiderúas! (Contrato servizos)	Asociación Red de Ciudades que Caminan (CIF: G90061771)	9.613,45€ IVE INC.
TOTAL		38.092,61€ (estimado)

2 – ACTIVIDADES NAS RÚAS: Durante a Semana Europea da Mobilidade, do 16 ao 23 de setembro, terán lugar unha serie de actividades nas rúas con relación á mobilidade e a utilización do espazo público, como son:

CONCEPTO	EMPRESA	COSTE
Actividades de Xogos Populares: corda, goma, trompo, canicas, carreiras de sacos, etc o 16 de setembro pola tarde en Vilagarcía (Contrato servizos)	Cultura Activa S. Coop. Galega (CIF: F15983067)	786,50€ IVE INC
Realización de animación de rúa a cargo de Troula o 17 de setembro. Un pase pola mañá e un pase pola tarde (Contrato servizos)	Cultura Activa S. Coop. Galega (CIF: F15983067)	1.875,50€ IVE INC
Servicio Pasarrúas de Anxo Moure acompañando camiños escolares seguros	Cultura Activa S. Coop. Galega (CIF: F15983067)	1.815,00€ IVE INC
Actividade BICICLETADA SEMANA EUROPEA DE LA MOVILIDAD (Contrato servizos)	Xabier Apestegui Murchante (DJ Reimy Eventos) (CIF: 45175512Q)	1.378,00€ IVE INC
Taller Bicicleta para persoas maiores (Contrato servizos)	Asociación Mobi-liza	2.071,50€ (estimado)
TOTAL		7.926,5€ (estimado)

3 – DINAMIZACIÓN E AMBIENTACIÓN DAS RÚAS: Para a ambientación das rúas e para dar unha maior visibilidade á Semana Europea da Mobilidade e ao Congreso, decorárase a Praza da Segunda República e plantáranse unha serie de árbores á beira da cicloavía na Avenida Rodrigo de Mendoza, con motivo de sostibilidade e protección do medio ambiente.

CONCEPTO	EMPRESA	COSTE
Adquisición de elementos para ambientación de ciclovías (terra, árbores, plantas...)	Viveros O Piñeiro S.L. (CIF: B36213400)	3.855,50€ IVE INC
Suministro Decoración Praza II República	Troquiña, S.L. (C.I.F.: B36268217)	2.755,78€ IVE INC
Suministro de planta de flor para escaleras auditorio	Troquiña, S.L. (C.I.F.: B36268217)	2.387,00€ IVE INC
Realización Elementos para ambientación das rúas	Arosa Casa, JOAQUIN BELLO RUBIANE (C.I.F.: 35462058Z)	2.932,00€ IVE INC
TOTAL		11.930,28 IVE INC

4 – VIXIANZA: Para protexer a decoración das rúas, contratárase para a vixianza nocturna un servizo de seguridade que contará con un vixiante de seguridades en arma dos días 16 ao 23 de setembro en horario de 21:00 a 8:00 h. Para a vixianza da decoración do Parque da Segunda República e a Rúa Alcalde Rey Daviña.

CONCEPTO	EMPRESA	COSTE
SERVICIO DE SEGURIDAD SEMANA DA MOBILIDADE	SASEGUR S.L. (CIF: B78986263)	2.015,73€ IVE INC.
TOTAL		2.015,73€ IVE INC.

Acórdase así mesmo a provisión de fondos polo importe de 9.613,45€ IVE INC. para pagos ao contado, a nome da habilitada, a Concelleira Luz María Abalo Suárez, para o día 16 de setembro

de 2022 sendo preciso acudir a este sistema excepcional de tramitación orzamentaria do gasto, por non ser posible acompañar a proposta de aprobación de gasto e de recoñecemento de obrigas da preceptiva e previa xustificación documental, e que será destinada á finalidade que se detalla:

CONCEPTO	EMPRESA	COSTE	DATA PROVISIÓN DE FONDOS
Contratación do aloxamento e desprazamento das persoas participantes no Congreso Vaiderúas! (Contrato servicios)	Asociación Red de Ciudades que Caminan (CIF: G90061771)	9.613,45€ IVE INC.	No prazo de 2 días unha vez presentada a factura correspondente
TOTAL PROVISIÓN DE FONDOS		9.613,45€ IVE INC.	

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2022/3034

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2023, presentada por REDGAL VILLAGARCIA SL (NIF B36593903) con domicilio en rúa MANUEL ANTONIO N°: 1 BX CP: 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2022/3095

Dáse conta de proposta da Concellería de Turismo en relación coa celebración do Curtas Film Fest en Vilagarcía de Arousa.

Nado como Festival de Cinema Afeccionado de Vilagarcía en 1973, o Curtas Film Fest celébrase ininterrompidamente desde fai 50 edicións en Vilagarcía de Arousa. É o festival cinematográfico decano de Galicia e un dos certames con máis tradición da Península Ibérica. Especializado en cinema fantástico, mantén unha sección para outros xéneros, incluíndo o documental.

A asociación Cultural sen ánimo de lucro Curtas Film Fest organiza o festival dende a súa reconversión en 2006.

Como complemento ás proxeccións, organiza exposicións de grande éxito así como actividades paralelas que se celebran con motivo do festival.

Considerase fundamental na estratexia de promoción turística de Vilagarcía a celebración do CURTAS FILM FESTIVAL.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda declarar o CURTAS FILM FESTIVAL como de Interese Turístico Local.

CULTURA

PRP2022/3051

Vista a solicitude da Asociación Comisión de Festas Virxe do Carme e do Rosario, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra do Rosario en Vilaxoán, os días 1, 2 e 3 de outubro:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa:
 - Día 1 de outubro, por un importe de 391,00 €
 - Día 2 de outubro, por importe de 225,00 €
 - Día 3 de outubro, por importe de 225,00 €
- Actuación da Coral da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán, ó día 2 de outubro, por importe de 585,00 €

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/3052

Vista a solicitude da Asociación Cultural San Miguel Arcangel, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Miguel en Trabanca Badiña, os días 27, 28 e 29 de setembro:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa, o día 27 de setembro, por un importe de 391,00 €
- Actuación da Asociación Cultural Coral Amencer, o día 29 de setembro, por importe de 335,00 €

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/3053

Vista a solicitude de D. David Seijo Sanmiguel, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio Municipal para a realización dun obradoiro de Teatro "A LIBERACIÓN" os días 10, 17 e 14 de setembro, 8 e 15 de outubro, 5, 12, 19 e 26 de novembro e 3, 10 e 17 de decembro, nos horarios que se indican, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal:

10, 17 de setembro: 10:00 a 13:00 hs

24 de setembro; 10:00 a 13:00 hs; 17:00 a 20:00 hs

8, 15 de outubro: 10:00 a 13:00 hs; 17:00 a 20:00hs,

5,12,19, 26 de Novembro; 10:00 a 13:00; 17:00 a 20:00

3,10,17 de Decembro; 10:00 a 13:00; 17:00 a 20:00 hs.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 21 €; Zona B: 20 €; Zona C: 19 € e fila 22 da Zona C de visibilidade reducida a 18 €) máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Seminario 1: 66 horas x 10,20 €/hora = 673,20 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/3055

A Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2021 acorda aprobar os gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Veciñal e Cultural O Souto, por un importe total de 1.799,99 € con cargo á partida 334.22703, entre os que figuraba:

BLOBALIUM 2000 S.L.	B87941902	Servizo asistencia técnica para arranxar ventilador proxector	198,20€
---------------------	-----------	---	---------

Visto o escrito presentado por D. Xurxo Abuín Rodríguez, como Presidente da Asociación Veciñal e Cultural O Souto de Rubiáns, e vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda facer efectivo o importe citado de 198,20 € mediante pago directo segundo modelo de endoso a favor de D. Xurxo Abuín Rodríguez, con cargo á partida 334.22703, de conformidade coa documentación aportada.

CONTRATACIÓN

PRP2022/2836

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de setembro de 2021, adxudicouse á empresa MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L. o contrato de obras denominado "Renovación dos Servizos e Humanización da Rúa Sobrán" por un importe de 389.174,11 €, ó que lle corresponde un IVE (21%) de 81.726.56 €, o que totaliza un importe (IVE engadido) de 470.900,67 €, financiado con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.

O contrato administrativo foi asinado con data 20 de outubro de 2021, cun prazo de execución da obra de 6 meses contados a partir do día seguinte á sinatura do acta de comprobación do replanteo que foi asinada o 9 de marzo de 2022.

Con data 09/08/2022 a través da sede electrónica do concello de Vilagarcía de Arousa, (registro web 2022005359), o adxudicatario alega retrasos na recepción de materiais para a execución da obra, así como pola perda de rendemento de execución de obra ao ter que abrir e cerrar gabias para poder simultanear as obras co acceso de autobuses ao Colexio, proponendo ampliación de prazo ata o 09.12.2022

Dáse conta de informe xurídico no que se indica:

...)

O artigo 193.1 da Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público establece que el contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo. Así mesmo o apartado 2 do artigo 195 do mesmo texto legal indica que si o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o citado prazo de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista diga un prazo menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

O artigo 100.2 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, literalmente di: "1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de 15 días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración, ós efectos de que a Administración poida oportunamente, e sempre antes da terminación do prazo de execución do contrato, resolver sobre a prórroga do mesmo, sen prexuízo de que unha vez desaparecida a causa se reaxuste o prazo prorrogado ó tempo realmente perdido.

Se a petición do contratista se formulara no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre dita petición antes dos quince días seguintes ó do remate do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegara a prórroga solicitada, ou non resolvera sobre ela."

Tendo en conta todo o exposto e os documentos obrantes no expediente e o informe favorable do director de obra, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a Montajes J.M. Iglesias a ampliación do prazo de execución da obra de "Renovación dos Servizos e Humanización da Rúa Sobrán", ata o 9 de novembro de 2022.

PRP2022/3016

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 22 de febreiro de 2021, aprobouse o proxecto denominado "MELLORA DE CAMIÑO EN SANTA MARIÑA", redactado polo enxeñeiro técnico D. Óscar Álvarez González, cofinanciado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), a través do Plan de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023.

Dado que para o comezo das obras é preciso proceder ao nomeamento de director de obra e coordinador de seguridade e saúde, en fase de execución, co obxecto de que desenvolvan as competencias que teñen atribuídas pola lexislación vixente.

Tendo en conta que este concello ten asinado un contrato de servizos en enxeñería co enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Nomear ao enxeñeiro técnico, ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde, en fase de execución, da obra "MELLORA DE CAMIÑO EN RÚA MACEIRAS".

PRP2022/3098

Por motivo da pandemia orixinada pola COVID-19, foi necesario intensificar as labores de limpeza nas distintas dependencias, colexios públicos e instalacións municipais co obxecto de evitar a propagación da infección nas persoas que utilizan/traballan nas dependencias municipais dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa, para o que se continuaron prestando os

servizos citados pola empresa Clece, S.A., adxudicataria do contrato “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”.

Dada a mellora da situación sanitaria e a recomendacións das autoridades sanitarias non é preciso manter a intensidade extraordinaria de limpeza establecida para os meses de maior da crise sanitaria.

Pola empresa adxudicataria do contrato, achégase prezo do citado contrato dende o 1 de setembro de 2022 ao 31 de agosto de 2023, mantendo o incremento de limpeza nas dependencias dos baixos do auditorio a tres días por semana (luns, mércores e venres), unha vez constatada a insuficiencia do programación anterior. Sendo necesaria a continuidade na prestación do servizo de limpeza nas dependencias municipais, colexios e FPSDM, por parte da empresa Clece, S.A. ata que se proceda á licitación do servizo.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

A continuidade de prestación dos servizos de limpeza das dependencias e instalacións municipais, colexios públicos, FPSDM e recinto FEXDEGA, por parte da empresa Clece, S.A. (A80364243) para ao período do 1 setembro 2022 ao 31 de agosto de 2023, polos seguintes importes:

Dependencia	Ano 2022 (set-nov 2022) Incremento 6,5% (3meses)	Ano 2023 (dec. 2022- agosto 2023) Incremento 6,5% (9meses)
Instalacións municipais	237.691,36	713.074,09
Instalacións deportivas	37.040,21€	111.120,62€
Recinto Fexdega	8.026,18€	24.078,53€
Dependencias baixo Auditorio	2.372,61€	7.117,83€
	12 meses	Total: 1.133.103,65€ co incremento do 6,5%

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/3021

De conformidade coa Operación “Creación de centros de orientación a emprendedores” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado “Obras de accesibilidade ao centro de formación municipal Matosinhos”, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo, acórdase a aprobación e Recoñecemento da Obriga da seguinte factura:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
CAROLINA FARIÑA	COUSELO2022/0034 REG 2022/5135	4.477,00€	241-6220017 AD21-6022	Redacción do proxecto “Obras de accesibilidade ao centro de formación municipal Matosinhos”

FINANCIACIÓN FONDOS FEDER:

Línea de actuación Operación VLG_LA_29_ORIENEMPR, al Proyecto 2018-2-DUSI-17 y la aplicación presupuestaria 241-6220017.

PRP2022/3023

De conformidade co contrato de obra “REDE DE VÍAS CICLISTAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA. FASE II A” da EDUSI Vilagarcía Avanza, tras a realización do traballo e a comprobación do miemo polo Director de Obra, acórdase a aprobación e recoñecemento da obriga da seguinte factura e correspondente certificación de obra,

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIONES	CERTIFICACIÓN
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L	FE22 138 R.E 2022/5057	76.406,15€	134-6290017 / AD21-4461 Y AD21-27320 40.911,69€ 134-6290017 / AD21-4464 Y	Certificación nº 7 da obra “Rede de Vías Ciclistas de Vilagarcía de Arousa. Fase II A”. R.E 2022/5026

			AD21-27321 (28,13% 21.490,91€) 1721-6290017 / AD21-4467 Y AD21-27322 (18,33% 14.003,55€)
--	--	--	--

PRP2022/3050

De conformidade coa Operación “Potenciación e mellora da mobilidade urbana sostible de Vilagarcía” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato de servizo realizado, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo, acórdase a aprobación da seguinte factura tramitada mediante contrato menor:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	SERVICIO
Alexandre Fernández	MouriñoEmit- 0072022 R.E 2022/4687	3.096,97€	134-6290017 AD21-3642	Dirección de obra de la 7ª Certificación “Proxecto básico e de eixcución da rede de Vías Ciclistas de Vilagarcía de Arousa. Fase II A”.

PRP2022/3060

Visto o expediente de gasto INT/2022/375 integrado pola relación de xustificantes F/2022/102 por importe de 86.999,79€.

Visto o Informe de fiscalización dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito aprobado polo Tribunal de Cuentas en sesión de 22 de decembro de 2020.

Considerando que se trata de gastos que o Tribunal exceptúa da tramitación mediante Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por tratarse de Obrigas debidamente adquiridas xa que son contratos de subministro ou de servizos enviados fora de prazo polo proveedor e que poden tramitarse como gasto corrente do exercicio 2022 e non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2022.

Vistos os informes dos servizos que se integran no expediente.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Imputar o gasto do exercicio 2021 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente, segundo se indica:

REG.	Nº de Documento	Fecha Dto.	Progr.	Econ.	Importe	Nombre	Texto Explicativo
F/2022/1541	759 213207391	30/11/2021	338	22699	3.777,62	BAYGAR, S.L.	MONTAJE - RAMPA DE HIELO - TRABAJOS 18/11/2021 OFERTA JG1023101121,02 / RETIRADA DE JAULAS VACIAS - TRABAJOS 18/11/2021

SEGUNDO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/102 por importe de 86.999,79€ co seguinte desglose:

REG.	Nº de Documento	Fecha Dto.	Progr.	Econ.	Importe	Nombre	Texto Explicativo
F/2022/1541	759 213207391	30/11/2021	338	22699	3.777,62	BAYGAR, S.L.	MONTAJE - RAMPA DE HIELO - TRABAJOS 18/11/2021 OFERTA JG1023101121,02 / RETIRADA DE JAULAS VACIAS - TRABAJOS 18/11/2021
F/2022/3566	Emit- 13	14/02/2022	3321	22001	116,00	CARREIRO FERNANDEZ, ABRAHAM	Subscricion á revista infantil O Papagaio, 4 exemplares/mes para a biblioteca municipal
F/2022/3845	P22 003834	31/05/2022	931	22699	145,20	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	ORDENANZA FISCAL I.4; MAY-7; La Voz de Galicia; Arousa; Oficiales ; 2x2 MOD;

F/2022/4271	02148000017122F	30/06/2022	320	22700	48.291,78	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza de centros educativos Junio de 2022CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Junio de 2
F/2022/4277	02148000016822F	30/06/2022	320	22700	61,12	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza en el Aula de Educación de Adultos durante Junio de 2022Importe servicios
F/2022/4313	Fact. 22- 046	10/06/2022	931	22706	348,48	LAGARES OCAS, S.L.	Servizo de Consultaría e asistencia técnica en materia de xestión catastral. - Tramitación de expedientes de alteración
F/2022/4314	Fact. 22- 077	10/06/2022	931	22706	1.393,92	LAGARES OCAS, S.L.	Servizo de Consultaría e asistencia técnica en materia de xestión catastral. ? Consultoría e asistencia técnica en proc
F/2022/4332	Borrador- 83	04/07/2022	2312	22610	1.870,00	QUINTEIRO NELSON ROA,	Representación do espectáculo "Trad Cabaré Itinerante" de Nelson Quinteiro celerbado o sábado 2 de xullo polas rúas e pr
F/2022/4356	02148000019222F	30/06/2022	320	22700	7.467,42	CLECE, S.A.	Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2021-2022 derivado de la aplicación del protocolo
F/2022/4360	02148000019022F	30/06/2022	334	22700	742,60	CLECE, S.A.	Incremento de frecuencia de limpieza de la instalacion BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), correspondiente al
F/2022/4363	02148000019422F	30/06/2022	3262	22700	476,52	CLECE, S.A.	Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2021-2022 derivado de la aplicación del protocolo
F/2022/4507	FQ FQ0004599	30/06/2022	3261	22699	173,69	PONTEVICUS, S.L.U.	VASOS CARTON CORRUGADO 25CL KRAFT IFA SA / CUCHARILLA POSTRE DE MADERA IFA SABE PAQ / PLATOS PULPA CELULOSA 17CM IFA SAB
F/2022/4537	Fact. 22- 084	06/07/2022	931	22706	2.223,98	LAGARES OCAS, S.L.	Servizo de Consultaría e asistencia técnica en materia de xestión catastral. - Tramitación de expedientes de alteración
F/2022/4579	V 652	30/06/2022	221	16201	335,50	DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 20L / SANXINES BOTELLONES 20L / ADMINISTRACION GENERAL
F/2022/4671	UC-22086 86	07/07/2022	2312	22610	6.594,50	UQUI CEBRA, S.L.	Campaña-acción sobre acoso e violencias machistas en RRSS e Whatshap
F/2022/4724	22IF000169	11/07/2022	3321	22001	1.429,15	EDICIONS GALICIA, S.A XERAIS	9788411100021 O xenio da Cidade do Sal / 9788411100304 Os seres queridos / 9788411100366 Golpes de luz / 9788411100441 C
F/2022/4729	2022 001503393	30/06/2022	160	213	1.403,60	SULZER WASTEWATER PUMPS SPAIN, S.A.	CONTROLADOR AVANZADO 2BC/DISPLAY EC531 / MANO DE OBRA EXTERNA TECNICO-SULZER
F/2022/4755	A 1290	30/06/2022	231	22799	1.255,00	BONVEHI SAN MARTIN, KATIA MARIA	SESIONES DE FISIOTERAPIA EN CLINICA SAF JUNIO / SESIONES DE FISIOTERAPIA EN DOMICILIO SAF JUNIO
F/2022/4761	22001416 0	14/07/2022	9201	22706	135,99	SERV. TEC. NOROESTE, S.L. I.	MANO DE OBRA SERVICIO (ordenado por encargado area informatica: Juan Luis Nuñez Touris ASOCIACION CORNAZO) / MANO DE O
F/2022/4762	22001417 0	14/07/2022	9201	216	210,14	SERV. TEC. NOROESTE, S.L. I.	RATON LOGITECH B100 (PEDIDO REALIZADO POR RESPONSABLE

							DE INFORMATICA : JUAN LUIS NUÑEZ TOURIS) / TECLADO K120 LOGITEC
F/2022/4763	22001418 0	14/07/2022	9201	216	108,75	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	HD TOSHIBA 2.5 4 TB (PEDIDO REALIZADO POR RESPONSABLE DE INFORMATICA : JUAN LUIS NUÑEZ TOURIS) / CANON LPI DISCO DURO
F/2022/4769	2022 26	30/06/2022	2314	22610	1.323,50	TITERES CACHIRULO, S.L.	Realización do obradoiro ""Emoticontos"" o 14 de xuño ás 19.00h e representación de ""O Cachimóbil: A cabeza do dragón"" o 1
F/2022/4803	074-2022	04/07/2022	334	22703	798,60	HENRIQUES DE OLIVEIRA, DANIELA	SERVIZO LIMPEZA CASA CULTURAL O PIÑEIRIÑO XANEIRO-XUÑO 2022 (SERV.CULTURA).
F/2022/4806	01/22	03/07/2022	334	22609	225,00	ASOC. CULT. CORAL S. PEDRO CORNAZO	ACTUACION EN CORNAZO O 03/07/2022. CULTURA
F/2022/4818	2022 202212574	18/07/2022	931	22706	2.431,11	ESPUBLICO SERV. PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A.	PLATAFORMA HACIENDA LOCAL CONTENIDO EDITORIAL. DEL 13/04/22 A 12/05/22 / PLATAFORMA HACIENDA LOCAL CONTENIDO SERVICIOS.
F/2022/4819	951 221300351	15/07/2022	1720	213	279,75	BAYGAR, S.L.	CEPILLO ARO 127x550 PLP / RODAMIENTO INA GRAE30-XL-NPP-B
F/2022/4820	951 221300352	15/07/2022	1720	213	555,03	BAYGAR, S.L.	MANO DE OBRA / TORNILLO DIN 608 12.9UNC 5/5X57 / TUERCA DIN 934 10W 5/8 / CUCHILLA ANTIDESGASTE DOBLE CHAFLAN
F/2022/4821	951 221300350	15/07/2022	1720	213	2.572,52	BAYGAR, S.L.	MANO DE OBRA / EJE / JUNTA RETENEDORA / CAJA RODAMIENTO / CONO RODAMIENTO / JUNTA / JUNTA MUSTANG / ACEITE REPSOL ORION
F/2022/4823	945 221102357	08/07/2022	1530	210	18,88	BAYGAR, S.L.	BERENJENO BOX 15 x 19 x 5 L.2500
F/2022/4824	945 221102356	08/07/2022	1720	213	234,44	BAYGAR, S.L.	CEPILLO LATERAL TERRACO 350MM ACERO 3F F540 6A DESBROZ
				TOTAL	86.999,79		

PRP2022/3078

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº UN E FINAL (2022/6158), derivada da execución do contrato de obras denominado "RETIRADA DA CRUZ ADOSADA Á FACHADA DA IGRGEXA PARROQUIAL DE AREALONGA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2022/5848), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) 01/15/2021 por importe de 5.748,32€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº UN E FINAL (2022/6158), derivada da execución do contrato de obras denominado "RETIRADA DA CRUZ ADOSADA Á FACHADA DA IGRGEXA PARROQUIAL DE AREALONGA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2022/5848), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) 01/15/2021 por importe de 5.748,32€, co seguinte desglose:

REX.	Nº de Doc.	de	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
6158	UN FINAL	E	02/09/2022	5.748,32€	IRIA LÓPEZ BALTAR	CERT. UN E FINAL. OBRA RETIRADA DA CRUZ ADOSADA Á FACHADA DA IGREXA PARROQUIAL DE AREALONGA	336	78000

PRP2022/3081

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº SEIS (2022/5892), derivada da execución do contrato de obras denominado "RENOVACIÓN DOS SERVICIOS E HUMANIZACIÓN RÚA SOBRÁN", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2022/5804), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS21 (2) 01/01/2021 por importe de 26.411,52€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº SEIS (2022/5892), derivada da execución do contrato de obras denominado "RENOVACIÓN DOS SERVICIOS E HUMANIZACIÓN RÚA SOBRÁN", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2022/5804), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS21 (2) 01/01/2021 por importe de 26.411,52€, co seguinte desglose:

REX.	Nº de Doc.	de	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
5892	SEIS		01/09/2022	26.411,52€	MONTAJES IGLESIAS, S.L.	J.M. CERT. SEIS. OBRA RENOVACIÓN DOS SERVICIOS E HUMANIZACIÓN RÚA SOBRÁN	459	61900

PRP2022/3100

Visto o expediente de gasto INT/2022/400 integrado pola relación de xustificantes F/2022/113 por importe de 33.154,99 €, correspondente a facturas de proxecto de gastos con financiamento afectado, co seguinte desglose:

REG.	Progr.	Econ.	Proyecto	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2022/4688	161	62900	2018 OBRA 5 1	17.460,30	CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.	INSPECCIÓN DE TUBERÍAS (canalVIEW+) / LIMPIEZA DE TUBERÍAS (canalCLEAN++) / REHABILITACIÓN CONTINUA DE TUBERÍAS (canalNE
F/2022/4943	9201	62600	2021 PREST 16 1	2.917,33	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	ESCÁNER EPSON DS870N (PEDIDO REALIZADO POR RESPONSABLE DE INFORMÁTICA : JUAN LUIS NUÑEZ TOURIS xunta goberno local 11/0
F/2022/4978	9201	62600	2021 PREST 16 1	12.777,36	OZONA TECNOLOGIAS DE LA INFORMACION, S.L.	Hp Inc. Ordenador sobremesa HP ProDesk 400 G7 - Intel Core i7 10ma generación i7-10700 Octa-Core (8 núcleos) 2,90 GHz -
			TOTAL	33.154,99		

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/113 por importe de 33.154,99 €, co seguinte desglose:

REG.	Documento	Fecha Doc.	Progr.	Econ.	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2022/4688	/22 202	08/07/2022	161	62900	17.460,30	CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.	INSPECCIÓN DE TUBERÍAS (canalVIEW+) / LIMPIEZA DE TUBERÍAS (canalCLEAN++) / REHABILITACIÓN CONTINUA DE TUBERÍAS (canalNE

F/2022/ 4943	22001447 0	21/07/ 2022	9201	62600	2.917,33	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	ESCANER EPSON DS870N (PEDIDO REALIZADO POR RESPONSABLE DE INFORMATICA : JUAN LUIS NUÑEZ TOURIS xunta goberno local 11/0
F/2022/ 4978	FV 221009	22/07/ 2022	9201	62600	12.777,36	OZONA TECNOLOGIAS DE LA INFORMACION, S.L.	Hp Inc. Ordenador sobremesa HP ProDesk 400 G7 - Intel Core i7 10ma generaci3n i7-10700 Octa-Core (8 n3cleos) 2,90 GHz -
				TOTAL	33.154,99		

E sen m3ais asuntos que tratar, 3s 12:45 levantouse a sesi3n da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.